

AS PLANTAS

guía de observación

PLANTAS METAFITAS OU EMBRIOFITAS

- Formadas por células organizadas en tecidos, órganos e sistemas.
- Realizan a fotosíntese e son autótrofas (non dependen doutros seres vivos para alimentárense).
- Non teñen movemento aparente.
- Producen embrións para reproducirense.

Á hora de observar e describir unha planta debemos fixarnos en todas as súas partes e intentar determinar a que tipo pertence.

TIPOS DE PLANTAS

As plantas poden clasificarse desde diversos puntos de vista

Tendo en conta o aspecto

ÁRBORES

Talo leñoso (toro) que se ramifica a certa altura



ARBUSTOS

Talo leñoso ramificado desde a base



MATAS

De pequeno tamaño (menos de 1 m) e talo leñoso



HERBAS

Flexibles e blandas



Tendo en conta o tempo que viven

ANUAIS


completan o ciclo (nacemento, desenvolvemento, reprodución e morte) no período dun ano ou menos.



Ex: tomate, pataca, millo...

BIANUAIS:


completan o seu ciclo en dous anos. O primeiro almacenan reservas e o segundo fructifican e morren.



Ex: cebola, allo, leituga...


PERENNES: reproducen o seu ciclo vital periodicamente (xeralmente cada ano) sen morrer. Poden ser:

-Permanentes: conservan todas ou parte das súas estruturas.



Ex: árbores, arbustos...

-Vivaces: perden todas as partes aéreas cada ano e conservan as subterráneas.



Ex: fento, dalia, tulipán, ciclame, begonia...

Tendo en conta a consistencia

HERBÁCEAS

con talos blandos, flexibles e tenros




LEÑOSAS

talos duros e ríxidos.



SEMILEÑOSAS

consistencia intermedia







SUCULENTAS

talos verdes que almacenan auga



Tendo en conta a estrutura

(partes, presenza de vasos condutores, estruturas reprodutivas...)

REINO	TIPO	SUBTIPO	CLASE
PLANTAS METAFITAS ou EMBRIOFITAS	BRIOFITAS Talofitas non vasculares. Reproducción por esporas		
	TRAQUEOFITAS Con raíz e tecido vascular	PTERIDOFITAS Reproducción por esporas	
		ESPERMAFITAS ou FANERÓGAMAS Reproducción por sementes	
		ANXIOSPERMAS Con flores e óvulos pechados en ovarios e sementes protexidas por froitos.	
			